

Solución aos comentarios de Eduardo Pondal

“Feros corvos de Xallas”

1. Que características comúns teñen os elementos da paisaxe cos que se identifica o bardo? Fíxate nos adxectivos repetidos e no marco da contorna (a gándara).

Os elementos da contorna presentes son: corvos, brétemas, vento, miñato, uces e corzos (alén do xenérico “seres vagabundos”). Son todos feros, salvaxes, libres.

2. Lonxe do descritivismo paisaxista, nesta poesía a natureza simboliza o invisíbel, o espiritual. Nesa contemplación que é comunión, que actitude domina no falante lírico (serenidade, dor, melancolía, reafirmación, rabia, desamparo, afouteza...)?

O espírito do bardo, representado pola natureza agreste, é afouto e indomábel, mais nel advírtese unha necesidade melancólica de reafirmación (entendemos que diante da súa percepción das orixes e do seu titánico labor de espertar conciencias).

3. Esta identificación plena, como se relaciona cos elementos cívicos do universo pondaliano?

Relaciónase directamente co bardismo e o celtismo:

- A paisaxe é refuxio (“compañeira”) para o bardo, que é quen de ler nela a memoria do pasado de liberdade.
- O alento das loitas pretéritas -dos antepasados celtas- están aínda nesas forzas naturais e neses nomes prerromanos que tecen o territorio.

“Meniña, rapaza nova” (*Queixumes dos pinos*)

1. Sexa desde o amor romántico, sexa desde a paixón naturalista, o sexismo e a misoxinia atravesan as mostras das “relacións amorosas” na obra pondaliana, o que desemboca na obxectualización da muller. Como se advirte esa concepción neste texto? Repara na idealización e redución do que representa a muller, na suxestión dos versos 7 e 8...

Á rapaza o falante proxéctalle uns atributos físicos positivos (xuventude, fermosura e graza do movemento), aos que engade as cualidades da dozura e da xenerosidade. Mais, como as accións que cobiza o 'eu' poético teñen a ver coa curación e, ademais, refírese a lérias (“como din que es”), esas cualidades connotan a realización de servizos sexuais. Sexa como for, o home require que o sirva a muller, unha mociña que vemos que só coñece fisicamente, cun discurso lascivo que fai pasar por amoroso.

[Sabemos que Rosa de Corcoesto era unha muller humilde, loitadora e transgresora, que chegou a rexentar un modesto balneario ao que Pondal parece que acudiu algunha vez.]

2. Nesa liña, que representan os versos plenamente paralelísticos?

Os versos 5-6 e 10-12 modulan a declaración -grandilocuente- do sentimento nesa petición en forma de cortexo. Mais ese sentir está ao servizo do desexo de asistencia e posesión, das evocacións sensuais e sexuais, das necesidades do home á marxe da vontade da muller.